


**PREGÓN LIDO POLOS COLECTIVOS LGTBI DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA NA CONMEMORACIÓN DO DÍA ORGULLO 2018**



2018 é o ano das persoas trans. Determinouse así pola forza que están a demostrar, polos ataques consecutivos que sofren e a polémica que segue a xerar súa mera existencia. Polémica que non debería existir nun país respectuoso que acepte plenamente a diversidade. Tristemente ese non é o país no que vivimos. Vivimos nun país que forza ás persoas trans a pelexar polas súas vidas cada día. Polo recoñecemento, e polo dereito a vivir con dignidade. Como é o seu ano, imos lembrar a Ekai e a Thalía. Imos lembrar os seus asasinatos, por parte dunha sociedade transfóbica na que non se lles permitiu seguir existindo. Imos a pensar nelas, telas presentes mentres a meirande parte da sociedade as esquece. A morte separa, pero tamén une. Fainos conscientes do perigo, de todo o que hai que mudar. Entón, que as súas mortes sirvan para unir o colectivo ao completo e non para escondernos, si, para berrar, e para loitar para que non suceda nunca máis.

Cada día hai ataques LGTBfóbicos en todo o mundo, xa sexan insultos, “bromas”, como moitos chaman ás agresións, ou malleiras e asasinatos. Hai demasiadas agresións que nin saen á luz, sobre todo cando a sociedade non lles dá a importancia que teñen para



## CONCELLO DE SANTIAGO


nós. Unha palabra tamén é acoso, tamén é humillación, tamén é LGTBfobia. Unha palabra pode non ser un asasinato, pero si que pode provocar unha pequena morte dentro de cada unha de nós.

Hai moitas formas de perpetuar a discriminación e debemos telas en conta todas e cada unha, non lamentar só as mortes e máis os golpes. Non estamos loitando para mellorar uns aspectos, senón para mudar toda a realidade e deixar de sufrir por feitos que se escapan das nosas decisións.

Con quen foda, a quen ame, como me identifique ou como sexa a miña aparencia non é asunto de ninguén. Pertéceme a min, e nunca pode ser motivo de insulto nin vergoña. Por que temos que agocharnos? Quen determinou iso? Con que dereito xulgan como temos que vivir, ou ata que punto, cando e como podemos falar nós de nós mesmas? Cando imos ser quen de elixir cómo guiar as nosas vidas? Xa abunda.

Se ben moita xente cre que as LGTB somos aceptadas na sociedade occidental, isto baséase nunha estratexia de marketing que enfoca a certas persoas dentro de certo canon.

Se es un home gay máis che vale ou ben ser unha diva graciosa que triúne nas redes ou un machote de pelo en peito sen pluma algunha, musculoso e feitiño de cara, porque senón non serves para os carteis e os anuncios. E sobre todo máis che vale que che saian os cartos polas orellas, non se pode ser gay e pobre. Tes que casar con outro gay que sexa coma ti, e tedes que mercar un bebé dunha muller pobre que precisa os vosos cartos para sobrevivir nun



## CONCELLO DE SANTIAGO

país cunhas leis menos restrictivas que as nosas no que se refire á protección dos dereitos humanos. Tes que ser unha imaxe perfecta do que se espera da familia nuclear cisheterosexual, xa que de calquera outro xeito perderás a túa lexitimidade e non se che permitirá ser feliz.


Se es unha muller lesbiana serás invisible, non importa o que fagas, para a sociedade non existes.

Se es bi, terás que ser unha mestura perfecta 50/50 entre hetero e homosexual, nunca aceptando que a túa sexualidade existe como tal e coa ameaza constante de que se te inclinas cara unha destas dúas orientacións serás completamente desacreditada como persoa bisexual. Só era unha fase.

Finalmente, se es unha muller deberás acabar por casar cun home, e se es un home tamén, xa que ninguén crerá que sentíndote atraída tanto por homes como mulleres elixas pasar a túa vida cunha muller.

Se es trans esperemos que non se che note, porque se non (ou aínda así, cada vez que che pidan o DNI) vas coñecer o inferno.


Estas campañas poñen a nosa beleza, a nosa fermosa diversidade entre reixas. Átannos, golpéannos, insúltannos só incluíndo a unha certa sección de todas nós. Divídenos cando deberíamos estar xuntas. É horrible sentir como te vas distanciando do lugar ao que pertences, ou eso cres, porque a sociedade comeza a seccionarte en anacos e romperte pouco a pouco.



## CONCELLO DE SANTIAGO

Cando somos pequenas, incúlcannos unhas ideas heteronormativas que non abarcan a diversidade de identidades que existe. Cando só nos interesa xogar na terra e tirarnos por tobogáns xa nos están a preguntar se aquel amigo ou amiga co que estamos a xogar sen que pertenza ao noso xénero é o noso mozo ou moza, porque é o único xeito en que se entende que interactuemos e nos relacionemos. Non somos conscientes de qué nos gusta, non nos ensinan qué é o sexo pero fan referencias a que nos vai gustar o xénero oposto. E así, pouco a pouco, o asimilamos sen saber. Parecen cousas sen importancia, xogos de pais e nais, pero eses xogos fan que cando es adolescente e che atrae alguén do teu mesmo xénero te sintas un fracaso, unha vergoña. Cando entra a negación, o temor, o odio a un mesmo por non seguir o camiño, aí xa deixa de ser un xogo. Comezamos a afundirnos na mesma miseria, sentindo a desaprobación e o rexeitamento daquelas que un día consideramos as máis próximas a nós, as que máis queremos. É un problema sistemático, implementado no corazón deste mundo tan cruel, e poucas son realmente conscientes do que supón descoñecer algo ata que che pasa. Estarei enferma? Serei unha pervertida? Estou errada? E múltiples cuestións que van xurdindo na nosa mente, destrozando a nosa saúde mental e facéndonos durmir días enteiros para non enfrontarnos a quen somos. Existimos, e a nosa infancia non é sinxela, pero si importante. Vai a determinar moitas cousas.

Este ano 2018 cúmprense corenta anos da aprobación da Constitución Democrática que debía propiciar a igualdade de




## CONCELLO DE SANTIAGO

tódalas persoas residentes no Estado Español, unha igualdade que moitas de nós aínda seguimos agardando. Isto ocorre porque unha parte da cidadanía, as persoas trans, non temos recoñecido ese status preciso para vivir con liberdade e dignidade, estando relegadas a “persoas dunha categoría inferior ao resto”. A nosa existencia atópase cuestionada en infinitude de ámbitos da vida cotiá, e só acadamos o dereito a ser se escondemos a nosa etiqueta de trans, algo que non é nin posible nin xusto. Temos o dereito de non ser cuestionadas, xulgadas, miradas, agredidas e vexadas pola nosa aparencia, igual que o temos de reproducir as nosas condicións materiais, traballar, viaxar, namorarnos e vivir como o resto.

Para isto non precisamos xestos simbólicos nin declaracións de intencións, non queremos compadecemento nin condescendencia, nin sequera ter que pedir axuda, pois só aspiramos ao que é noso por dereito de nacemento, ó que nos quitaron e imos recuperar: a nosa cidadanía.

Como persoas trans temos moi clara a nosa memoria histórica, conformada por sangue e torturas durante a dictadura, exclusión na “democracia” e ser abocadas ás marxes da vida en común, algo que comezou a cambiar recentemente. Chegamos a un punto sen volta atrás no que dicir basta cun berro de orgullo e amor propio é unha necesidade vital, e no que reclamamos ao Estado as ferramentas imprescindibles para o noso autodesenvolvemento.




**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

Tal que así, precisamos unha lei trans estatal que permita a autodeterminación do xénero, porque cando segundas ou terceiras persoas teñen que opinar sobre nós, xulgarnos e valorarnos, estannos a situar nas posicións de inferioridade coas que hoxe rachamos. Nin na escola, nin no médico, nin no deporte, nin sequera no lecer, precisamos que definan, cataloguen e sometan a exame os nosos corpos para decidir ata que punto temos o dereito a ser quen somos.

A loita é moi extensa e precisa de actuacións en tódolos niveis da sociedade, mais precisamos un límite legal que nos axude, que estableza que o dereito de tódalas persoas a vivir con dignidade é un principio básico, equiparándose así coa nosa Constitución. Precisamos que o Congreso español asuma isto, como xa o asumiu unha gran parte da sociedade, e nos dote da ferramenta precisa para camiñar cara a despatoloxización social. Para chegar a unha maioría de idade onde nos empoderemos e falemos por nós mesmas sen intermediarios, onde nos amemos na nosa diversidade sen cumprir estándares e normas, onde comprendamos que todas somos válidas nas nosas particularidades.

As persoas trans, ao igual que o resto, non eliximos ser nós, e somos tan diversas como diverso é o mundo. Pero todas compartimos a loita contra unha sociedade hostil e a alegría polo momento de unidade e forza no que nos atopamos. O noso berro común é máis forte que os prexuízos, que as tutelaxes, que os insultos e as agresións. É un berro orgulloso, de humanidade imparabel que cada día máis nos achega á plena igualdade.



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**